

Convocatoria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias para o día 23 de maio de 2024

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Este mes, por acordo adoptado no Pleno do día 26 de abril de 2024, terá lugar o xoves, 23 de maio de 2024.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias en sesión **ordinaria**, para o **día 23 de maio de 2024**, ás 16:30 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2024/26A/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de abril de 2024.

2. 2023/11583H PRESIDENCIA

Modificación da data de realización das comisións informativas permanentes para mes de xuño de 2024.

3. 2024/1671S PRESIDENCIA

Aprobación definitiva da modificación do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense.

4. 2024/3058E PRESIDENCIA

Contratación da prestación do servizo consistente na provisión da infraestrutura tecnolóxica, en modalidade IAAS, da iniciativa “Hai un Ourense para ti. Descúbreo”.

5. MOCIÓN DE URXENCIA.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.